

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Contratación persoal laboral fixo Roberto Rielo Iglesias

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000830

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de normalizador/a lingüístico/a, laboral fixo, ao abeiro do disposto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Sendo que con data 16 de xuño de 2023 o tribunal cualificador realizou a proposta de contratación do aspirante Roberto Rielo Iglesias.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 775/2023, de 22 de xuño de 2023, que lle requiriu ao aspirante proposto a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Roberto Rielo Iglesias o día 27 de xuño de 2023, con Rexistro de Entrada nº 3.120.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Contratar como persoal laboral fixo a Roberto Rielo Iglesias, con DNI nº \*\*\*3625\*\*, para prover unha (1) praza de normalizador lingüístico con efectos do 1 de xullo de 2023.

**Segundo.**- Notificar a presente resolución ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro de Persoal así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

**Cuarto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,  
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz